



**ACTA DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA, MEDIANTE PERSOAL LABORAL FIXO, DE SEIS VACANTES DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR, INCLUÍDA NA OEP DO CONCELLO DE CURTIS DO ANO 2020 PARA A ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL.**

Sendo as 09:30 horas do día 30 de novembro de 2021, reúnense nas oficinas municipais sitas en Curtis os membros que forman parte do Tribunal Cualificador designado por Resolución da Alcaldía núm. 758/2021 de data 10/11/21, como órgano competente do proceso selectivo enriba referido.


Constitúen dito Tribunal:

- 
- Presidenta: Celsa M<sup>a</sup> Casas López, técnica persoal laboral fixo da administración local.
  - Vogal: M<sup>a</sup> Ermitas Sánchez González, técnica funcionaria de carreira da administración local.
  - Vogal: Marta Roca Souto, responsable da oficina electrónica, persoal laboral fixo da administración local.
  - Vogal: Antonia M<sup>a</sup> Regueira Camaniel, auxiliar administrativa, persoal laboral fixo da administración local.
  - Secretario: Óscar López Figueroa, administrativo funcionario de carreira da administración local.



Procédese á elaboración do primeiro exercicio do proceso selectivo de acordo ao establecido pola base quinta do mesmo, isto é:

*“3. A FASE DE OPOSICIÓN constará de dous exercicios, un tipo test e outro de desenvolvemento dunha proba práctica relativa ás funcións do posto, ambos de carácter obrigatorio e eliminatorio, sen prexuízo da proba específica de coñecemento de lingua galega, que só será obrigatoria para os/as aspirantes que non teñan acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requirido.*



*O exame tipo test, que terá unha puntuación máxima de 30 puntos, tendo que alcanzar 15 para entendela superado. O cuestionario será de 30 preguntas -que gardarán relación coas materias comprendidas no temario que figura no Anexo I, con catro respostas alternativas, sendo só unha delas a correcta. Haberá que responder 6 preguntas adicionais de reserva, que se valorarán no caso de que se anulen algunhas das 30 preguntas iniciais.*



*A duración do exercicio tipo test será de 60 minutos.”*

Rematada a redacción do exame, procédese a súa impresión, tanto en lingua galega como en lingua castelá.

Únese á presente acta, como anexo I o texto do exame tipo test e como anexo II, a plantilla das respostas correctas.

Sendo ás 09:30 horas, procédese ao chamamento dos aspirantes de acordo ao establecido polas bases, así coma a súa identificación por medio da presentación do DNI.

Realizado o chamamento, constan coma presentados e non presentados os seguintes aspirantes:

DNI	Apelidos e Nome	Presentado
***4572**	Ayerbe Gómez, María Jesús	SI
***9584**	Ayerbe Sueiro, María Catherina	SI
***3316**	Bra Sánchez, Laura	NON
***6656**	Brea Montouto, Tania	SI
***1951**	Cabado Vázquez, Francisca	SI
***3255**	Forero Tenjica, Leonor Stella	SI
***8787**	Freire Vilariño, M <sup>a</sup> Cruz	SI
***8310**	García Fernández, Alicia	SI
***1218**	Gómez Astray, María del Carmen	SI
***8326**	Gómez Gundín, María Ángeles	SI
***4915**	Losada Espido, Mercedes	SI
***8988**	Neira Duro, María Irene	SI
***0576**	Paz García, Ana María	SI
***7443**	Rodríguez Díaz, María Luisa	SI
***9493**	Sánchez Sánchez, Ana Beatriz	SI
***5423**	Sánchez Sánchez, María de la Paz	SI
***5090**	Sánchez Sánchez, María Luz	SI
***0954**	Santos Rodrigues Fernandes, Celia	SI
***8324**	Vázquez Sánchez, María Concepción	SI
***8153**	Vázquez Souto, Inés	SI
***7042**	Ventureira Vázquez, María José	SI

Tras comunicar aos aspirantes os criterios de desenvolvemento e de avaliación do exercicio, e tras serlles entregados os exames, sendo ás 09:34 horas iniciase o tempo de exame cunha duración de 60 minutos.

Finalizado o prazo concedido para a realización do exame (60 minutos), e unha vez que todos os aspirantes entregaron ao Tribunal os seus exames, procédese á corrección dos mesmos de acordo ao disposto na base quinta.

*"A puntuación calcularase de acordo cos seguintes criterios:*

- *Por cada resposta correcta outórganse 1 punto.*
- *Por cada resposta incorrecta descontaranse 0,25 puntos.*
- *As respostas en branco ou nulas non puntuarán nin restarán.*

*Puntuarase cun máximo de 30 puntos, quedando eliminados aqueles que non obteñan un mínimo de 15 puntos."*

Constátase por parte do tribunal, que na pregunta nº 5 a resposta correcta atópase remarcada en negra, polo que decídese anulala, sendo substituída pola pregunta de reserva nº 1.

De igual xeito, logo da advertencia dunha aspirante, constátase que as preguntas nº 12 e nº 29 están repetidas, polo que se acorda anular a pregunta nº 29, sendo substituída pola pregunta de reserva nº 2.

Realizada a corrección dos exames, resultan as seguintes puntuacións:

DNI	Apelidos e Nome	Puntuación
***4572**	Ayerbe Gómez, María Jesús	19,25
***9584**	Ayerbe Sueiro, María Catherina	15,25

***6656**	Brea Montouto, Tania	13,75
***1951**	Cabado Vázquez, Francisca	27,50
***3255**	Forero Tenjica, Leonor Stella	19,00
***8787**	Freire Vilariño, M <sup>a</sup> Cruz	28,50
***8310**	García Fernández, Alicia	28,75
***1218**	Gómez Astray, María del Carmen	9,50
***8326**	Gómez Gundín, María Ángeles	21,25
***4915**	Losada Espido, Mercedes	19,00
***8988**	Neira Duro, María Irene	15,00
***0576**	Paz García, Ana María	25,00
***7443**	Rodríguez Díaz, María Luisa	15,25
***9493**	Sánchez Sánchez, Ana Beatriz	21,25
***5423**	Sánchez Sánchez, María de la Paz	16,25
***5090**	Sánchez Sánchez, María Luz	15,00
***0954**	Santos Rodrigues Fernandes, Celia	15,00
***8324**	Vázquez Sánchez, María Concepción	16,00
***8153**	Vázquez Souto, Inés	15,50
***7042**	Ventureira Vázquez, María José	26,75

Os aspirantes que superaron a primeira proba quedan convocados para a realización do segundo exercicio o próximo venres 3 de decembro ás 09:30 horas nas oficinas municipais sitas en Curtis.

Sendo as 13:00 horas, levántase a sesión, en Curtis, 30 de novembro de 2021.

A presidenta

O secretario

Os vogais

